

Reunión grupos Monte Alto (16/05/2012):

- 1) Boletín e assemblea
 - 2) Valoración #12M15M
 - 3) Varios
-

1) Boletín e assemblea:

Contidos do boletín: celebración do #12M15M (manifesto en portada, conclusións da assemblea do día 15, valoración xeral), aniversario da Asamblea Popular de Monte Alto, folga estudiantil (22 de Maio), Foro da Débeda (Ché), próximas convocatorias.

Asamblea: celebración aniversario (pinchos e queimada), valoración #12M15M, assemblea aberta (un ano no barrio, traballo a nivel local: espazos públicos e centro cívico, laboral, enquisa pequeno comercio, troco...).

2) Valoración #12M15M

Saliéntanse os fallos de organización: houbo moitas reunións pero faltou coordinación, enténdese que é algo que hai que falar co resto da Rede para facer autocrítica, e apúntase que serían problemas facilmente solucionables de ter un protocolo.

Fálase de que a manifestación do día 12 foi moi longa (2 horas de marcha), que os pequenos e os maiores non aguantaron, que os petardos asustaron ós nenos e que moita xente non chegou a entrar en María Pita. Tamén se apunta a que as charlas e actividades dos días seguintes foron demasiadas e que os temas das charlas non foron os máis axeitados (enténdese que se deberan priorizar outros como a Sanidade, Ensino, etc.).

Con todo, enténdese que saíu ben, asistiu bastante xente á manifestación e á assemblea, a mesa informativa funcionou moi ben e saliéntase que serviu para demostrar que o movemento segue a existir e que a colaboración con outros colectivos (Sen Papeis, Ergosfera, Fiare, Zoca Minhoca...) vai en aumento.

3) Varios:

- Desde a Asamblea de Monte Alto se apoiará a folga do ensino do día 22 (a manifestación sae ás 20h da Pza. da Palloza). Consultarase para saber a opinión do resto de assembleas da Rede.
- O Foro da Débeda celebrarase o 9 de Xuño, aínda falta confirmar quen fará algunha ponencia.
- Concentración SOS Sanidade: o 23 no Obelisco, ás 20h. Recollida on-line de firmas por parte da xente de Enfermería.
- Mercado de troco: temos o megáfono, o toldo, etc. Está todo preparado.
- A sede do Ateneo Republicano pónse á nosa disposición para o que queramos.
- Fálase de volver a reunirse na rúa pero non se chega a ningunha conclusión.